



Sociedade Filatélica MIÑO. Ourense



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Dirección xeral de Patrimonio cultural



Museo
Etnolóxico
Ribadavia

Filatelia, Patrimonio e Museos



Presentación do Selo conmemorativo e Exposición. 2014

XUNTA de GALICIA

FILATELIA, PATRIMONO e MUSEOS. 2014

O coleccionismo forma parte da historia e a xenealoxía dos Museos. Sen a curiosidade de moitos homes e mulleres, que transforman en paixón o seu deveso pola recollida e acumulación de obxectos de moi diferentes temáticas, non terían xermolado singulares e extraordinarias series e panoplias de cuestións e feitos variados.

A filatelia e os filatélicos constitúen un xeito de aristocracia do coleccionismo. A teimosía, a paciencia, o espírito de observación e o gusto polo detalle abrollan no seu quefacer de colleiteiros da historia postal, en boa medida a cerna das prácticas de comunicación entre persoas, territorios e sociedades. A Sociedade Filatélica MIÑO de Ourense é un exemplo de traballo, bonhomía e xenerosidade. Levan 50 anos na gabia e outros 50 recollendo o froito do seu desinteresado labor. O Museo Etnolóxico mostra aquí e agora uns cantos exemplos do coleccionismo desenvolvido polos membros desta Asociación, con series temáticamente moi ligadas ás inqedanzas deste Museo.



Reproducido de Raigame, nº19. 2004

Ademais do Selo Conmemorativo dedicado o Museo Etnolóxico, centra esta pequena mostra unha escolma especialmente ligada á figura de Xaquín Lorenzo, mestre e referencia da etnografía galega e ourensá.